

## **RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DO DÍA 26 DE MARZO DE 2009**

O día 26 de marzo de 2009, ás 10:00 horas en segunda convocatoria, comeza a sesión ordinaria do Claustro da Universidade da Coruña no Paraninfo da Reitoría, presidida polo Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [ANEXO I](#).

### **1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior**

Áprobase a acta da sesión ordinaria do Claustro, que tivo lugar o día 28 de outubro de 2008, cuxa copia foi depositada nos centros da Universidade da Coruña, coa debida antelación, para a súa consulta por parte dos membros do Claustro.

### **2. Aprobación, se proceder, da Memoria de xestión 2008. Informe do reitor para o Claustro**

En cumprimento dos artigos 25.2.k (correspóndelle ao Claustro «debater e aprobar, se é o caso, o informe anual de xestión do reitor») e 36.1.m (correspóndelle ao reitor «presentarlle ao Claustro, para a súa aprobación se proceder, unha memoria anual da súa xestión») dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Reitor presenta a memoria de xestión correspondente ao ano 2008, que figura no enderezo electrónico <http://www.udc.es/reitoria/ga/reitor/documentos/memoria08.asp> e pronuncia o discurso que se recolle no [ANEXO II](#).

Toma a palabra o Sra. López Fernández, quen comeza a súa intervención dándolle a benvida aos novos membros do Claustro en representación do estudiantado, que foron elixidos nas últimas eleccións. Con isto quere chamar a atención do maior protagonismo que ten o Claustro logo da reforma dos Estatutos da Universidade da Coruña, en virtude da que se lle atribúen máis competencias, unha das cales é precisamente debater e aprobar, de ser o caso, o informe anual de xestión do reitor. En relación coa Memoria de xestión 2008, sinala que se trata dunha memoria que ofrece datos e incorpora aquelas peticións formalizadas en sesións anteriores do Claustro en que se debatía e aprobaba o informe anual de xestión do reitor, de xeito que considera que a memoria deste ano é un retrato da evolución da nosa universidade nos últimos anos. Isto permite comparar e comprobar como houbo crecemento e melloras en moitos ámbitos de actuación da nosa universidade, sinaladamente en infraestruturas, en investigación, en número de estudiantado e en adaptación ao novo Espazo Europeo de Educación

Superior, como proba a posta en marcha do proceso de transformación das nosas titulacións a graos. Remata a súa intervención sinalando que a través desta memoria se evidencia a superación e o afán de superación da Universidade da Coruña.

Toma a palabra o Sr. Castedo Ribas, quen comeza agradecendo o esforzo realizado o ano pasado, que recolle esta memoria, especialmente tendo en conta que co orzamento que había se fixo bastante. E tamén agradece a presentación ao Claustro desta memoria, para cumprir así o que está recollido nos Estatutos da Universidade da Coruña, de xeito que se poida debater entre os membros do Claustro, que é algo que non se pode facer nas Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo. Ademais, afirma que as memorias van mellorando ano tras ano, tendo en conta que se incorporan as observacións formalizadas polos membros do Claustro. Por esta razón, considera necesario realizar algunhas consideracións a propósito da memoria deste ano, sempre coa finalidade de a mellorar aínda máis, centrándose para tales efectos en temas relacionados coa interpretación dos resultados en materia de captación de recursos, pois, ademais de entender que os datos poderían ser presentados doutro xeito, considera que hai que mellorar na captación recursos a través de proxectos competitivos, especialmente en proxectos estatais, e de convenios con outras administracións públicas e entidades privadas tales como fundacións; que os recursos deberían ser contabilizados mellor polo Servizo de Investigación da Universidade da Coruña, que non cumpre coas funcións que deste servizo se demandan; e que debería axilizarse e simplificarse a xestión, eliminando regulamentos, que cada vez son máis e, en moitos casos, mal feitos e innecesarios, como é o caso dos regulamentos de bolsas e de contratación.

Toma a palabra a Sra. Rey Graña, que salienta que, segundo a memoria, o orzamento da UDC para o 2008 era de 126,8 millóns de euros, un incremento do 14,2% en termos correntes, e un 9,7% en termos reais con respecto ao do 2007. Porén, observa discrepancias contrastando o publicado na web coa memoria, xa que segundo o Plano Operativo Anual (POA) o crecemento do orzamento é do 10,2%, que en termos reais supón un 6,6%, inferior ao exposto na memoria. Tamén no POA se asegura que non se chega aos 21,5 millóns de euros de investimentos reais que figuran na memoria, senón 17,4, resultado de lle descontar a esa previsión o financiamento extraordinario e os cambios contables. Ademais, di que na memoria non se facilita ningunha información das accións que se levaron a cabo do plano estratéxico para 2009-2010. No relativo ao POA, considera que se destaca o financiamento extraordinario de 3,5 millóns de euros, non pola súa contía, senón polo seu carácter extraordinario, aínda que só representan un 2,7% do orzamento global. Tamén opina que non acadaron o

seu obxectivo os fondos de liberación, de 3,8 millóns de euros, que aparecen no plano de financiamento universitario de Galicia 2005-2010 coa intención de cubrir o déficit de infraestruturas, equipamentos e servizos, e que en total suman 13,32 millóns de euros. Sorpréndese de que non se faga referencia á renovación da imaxe corporativa da UDC, que non se explica e tampouco que se investisen 220.000 euros nun momento de crise para adquirir as esculturas de Manuel Patiña e a segunda fase da renovación da imaxe corporativa. Por último, suxire que nas próximas memorias económicas se referencie o que realmente foi executado, xa que na actualidade as conclusións son máis obxectivas polo que non se di que polo que se di. Ademais, opina que calquera cantidade monetaria ten que se expresar en termos constantes para ter coñecemento real da capacidade de gasto e investimento.

Toma a palabra o Sr. Colina Garea, quen centra a súa intervención en temas da memoria de xestión que están relacionados directamente co estudantado, analizando para tales efectos os números que se recollen na memoria. Logo de reparar no incremento de estudantes, especialmente nos estudos de mestrado e doutoramento, e das bolsas de colaboración, sinala que hai máis asociacións de estudantes. Incide na postura da Universidade da Coruña en relación coas taxas académicas e na mobilidade do estudantado a través do Programa Erasmus, que rexistra aumentos. Remata a súa intervención indicando que a memoria ofrece cifras e datos que permiten facer as valoracións que se estimen oportunas, que é o que se está a facer agora nesta sesión do Claustro.

Toma a palabra o Sr. Dopico Calvo para indicar que o rigor na xestión permite encarar con éxito situacións de crise, que é o que está a facer o actual equipo de goberno da Universidade da Coruña, cuxo crecemento é realmente importante. Logo céntranse na parte da memoria relativa a obras e infraestruturas para poñer en valor os proxectos urbanísticos que se están a executar, con especial referencia aos novos edificios que se están a facer para fomentar a investigación e contribuír á súa internacionalización, corrixíndose as eivas de investigación herdadas, e ao proxecto de Campus Center, que implica un concepto novo e innovador do que ten que ser un campus universitario. Remata a súa intervención sinalando que todo isto se pode facer, incluso nunha etapa de crise como a actual, porque hai unha xestión moi rigorosa, especialmente en todo o relacionado con temas económicos, que permite ter liquidez, tal e como sinalou no seu día o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica aos membros do Claustro.

Toma a palabra o Sr. Pazos Sierra. Logo de manifestar que non comparte as manifestacións realizadas polo Sr. Colina Garea no que a claridade da memoria se refire é de e de lle agradecer á Sra. López Fernández que tivese a ben darlles a benvida aos novos membros do Claustro elixidos en representación do estudiantado, que foi algo que non fixo o Sr. Reitor, o Sr. Pazos Sierra centra a súa intervención en temas relacionados coa xestión económica e coa xestión en xeral da Universidade da Coruña, sinalando que son manifestamente mellorables, como proban as carencias que se evidencian en case todos os ámbitos de actuación da universidade, sinaladamente os que afectan á docencia, á investigación e ao seu labor institucional, por esta razón tamén sostén que se está xestionar moi mal a herdanza que recibiu este equipo de goberno dos anteriores, que foi realmente moi boa. Considera que o edificio que se está a facer para atender as necesidades da Facultade de Informática vai nacer antigo ou caduco, pois non vai servir para cubrir as necesidades que xa se teñen pola súa mala planificación; entende que o Servizo de Investigación non funciona, que é algo do que ten coñecemento a Sra. Vicerreitora de Investigación, que fai todo o posible para emendar as eivas que se detectan, pero segue sen funcionar; igualmente, sinala que a xestión de materias relacionadas coa Xerencia debe mellorarse, como proba o inventario dos nosos bens a través de etiquetas que se borran, coa perda de cartos que isto supón, ou como proban os preitos xudiciais que moitos membros do persoal de administración e servizos se ven na obriga de promover por quedaren sen traballo e que se resolven a favor dos traballadores, condenando a universidade á súa readmisión sen que a universidade cumpra a sentenza de readmisión ditada, cousa insólita en calquera empresa e máis aínda nunha administración pública; e por último, tamén considera que en temas relacionados coa docencia non se está a actuar correctamente, evidenciándose isto último no proceso de adaptación das nosas titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior, en que aconsella calma precisamente por se tratar dun proceso onde as présas non son necesarias. Remata a súa intervención indicando que todo isto pon de relevo a mala xestión, que a captación de estudiantado non é consecuencia do labor do equipo de goberno, así o proba o caso dos estudos de Medicina que non se reclaman para a nosa universidade, que hai que mellorar institucionalmente a nosa presenza, que é algo que non se logra con tan poucos *honoris causa* ou con custosos cambios de imaxe institucionais. Por último, o Sr. Pazos fai referencia aos múltiples problemas de funcionamento que se veñen detectando na Rede de comunicacións da UDC, sobre todo no que se refire ao correo electrónico, e di que se producen debido a uns inxustificadas cambios nos responsables dese Servizo, realizados desde a Reitoría por motivos non profesionais para premiar, por non se sabe que méritos, a dous representantes sindicais á conta dunha traballadora que levaba, desde hai xa

moitos anos, desempeñando a función de xestionar o correo electrónico a plena satisfacción de todo o mundo e o servizo carecía dos problemas que agora padecemos.

Toma a palabra a Sra. Fernández Esteller, quen na súa intervención sinala que se advirten algúns baleiros que impiden reflexionar sobre a situación dos efectivos do cadro de mando do plano operativo anual do plano estratéxico da Universidade da Coruña e tamén que se advirten algúns incumprimentos dos obxectivos establecidos para acadar no ano 2008, citando para estes efectos exemplos tales como o número de proxectos de investigación financiados en proxectos competitivos, en que se marcaba como obxectivo un incremento do 10 por cento, cando na memoria pode comprobarse como hai un descenso do 11 por cento; o número de investigadores de convocatorias públicas, en que se establecía como obxectivo un incremento do 10 por cento, cando na memoria pode comprobarse como só se consegue un 6 por cento; a porcentaxe de participación do estudantado nas enquisas, que tiña marcado tres puntos anuais de incremento, cando na memoria se indica que esta cantidade non se consegue; a cobertura das prazas ofertadas para estudantes dos programas oficiais de posgrao, que estaba fixada nun 80 por cento anual, cando da memoria non se pode saber se isto se logrou ou non, pois na memoria ofrécese o número de persoas matriculadas, mais non o das prazas ofertadas, o que, por certo, nalgúns suscita o interrogante de se se pode facer un mestrado tan só para un, dous ou tres alumnos. Con referencia á porcentaxe prevista de incremento de programas oficiais de posgrao internacionais e interuniversitarios sinala que foi dun 10% e dun 25% anual respectivamente e na memoria non se pode comprobar este dato. Pregunta polo resultado das enquisas sobre o grao de satisfacción dos recentemente egresados; tamén pregunta sobre o número de materias incorporadas á Facultade Virtual en 2008 e, logo de ser suprimida, interésase sobre o futuro das materias que estaban integradas nela; cuestiona a capacidade de acceso dos alumnos á nova plataforma que substitúe a Facultade Virtual. Igualmente, asegura que non se acadou o obxectivo de igualar o número de estudantes matriculados en 1.º e 2.º ciclo e grao, senón que baixou en 700 e, ademais, tamén baixou o número de titulados en 500. Afirma que non hai datos sobre o número de postos multimedia nas bibliotecas, pero si que se detalla o descenso no número de postos de lectura. Considera que non ten sentido someter a votación de aprobación a memoria xa que é un compendio de datos contrastados. Porén, se a votación se entende como a xestión do equipo de goberno durante o 2008, considera que foi pouco afortunada. Pensa que a integración no Espazo Europeo de Educación Superior nesta universidade se fai con rixidez, malia a flexibilidade da lexislación estatal. Di que non habendo mais posibilidades (con algunha excepción, quizá posible) que encaixar todos os

planos de estudos en materias cuadrimestrais de seis créditos cada unha. Critica que das 25 horas nas que se establece o crédito, 10 sexan presenciais, o que lle resta flexibilidade á hora de adaptar cada materia ás súas necesidades; ademais di que só se contan de cada materia 42 horas sobre 60 posibles como dedicación docente do profesorado. Pregúntase se son medidas de integración correcta no espazo europeo ou de aforro.

Toma a palabra o Sr. Fernández López, quen valora a memoria con respecto ao PAS, salientando a execución RPT de funcionarios. Considera que, no tocante aos laborais, a situación está atrasada por conflitos internos. Indica a necesidade de negociar para acabar coa situación actual, onde máis da metade do persoal laboral é precario. Logo disto, fai referencia á intervención do Sr. Pazos Sierra, non comparte que os problemas do Servizo de Investigación sexan atribuíbles ao persoal de administración e servizos. En canto á sentenza xudicial sobre o reingreso dun membro do PAS á que facía alusión o Sr. Sierra Pazos, indica que é unha persoa do Capítulo VI e non é do PAS. Reafírmase en que é prioritario que se executen as RPT de funcionarios e de laborais e remata denunciando que o PAS funcionario está discriminado con respecto ao PAS laboral e ao PDI no relativo á xubilación anticipada e incentivada.

Toma a palabra o Sr. De Gabriel Fernández, que centra a súa intervención no relativo á integración no Espazo Europeo de Educación Superior. Opina que se fixo un traballo importante por parte do equipo de goberno. Segundo el, o Estado Español dimitiu dalgunhas das súas responsabilidades relacionadas con este proceso deixando nas universidades, dun xeito demasiado aberto, o novo deseño dos planos de estudos e do plano docente. Por mor disto, os planos de estudo perden a homoxeneidade doutros anos, algo que se tentou substituír cunhas materias de rama que, na súa opinión, se propuxeron de forma desafortunada. Considera que toda a comunidade universitaria está a traballar nun marco difícil cun futuro cheo de incertezas, sobre todo na cuestión docente. Pregúntase como deben ser as fórmulas para organizar a docencia para o ano vindeiro e apunta á maior implicación do alumnado, menos clases maxistras e máis traballo supervisado. Salienta que se falou dos *rankings* universitarios, da dedicación docente, pero isto é contradictorio, pois a traxectoria dos profesores universitarios e a imaxe das universidades dependen da investigación. Por último, explica que o equipo de goberno cumpriu cos prazos e fixo o que puido.

Toma a palabra o Sr. López Pereira, que comeza destacando que apreciou o reitor moi desganado e que hai quórum grazas á presenza dos estudantes. Critica a memoria da UDC de 2008 porque expón datos sen os relacionar cos seus obxectivos previos. Con referencia ao obxectivo de captación de

recursos, di que hai unha baixada debida a como se establecen os criterios deste reparto, non da capacidade do profesorado. Asegura que o 22 de decembro, a conselleira dicía que non presentaba o plano de financiamento pero que se comprometía a facelo no primeiro semestre deste ano; agora, di que hai un incremento dun 14% do ano anterior e un prometido pola Consellería dun 4%. Por outra banda, considera, ao observar a memoria, que o número de estudantes na UDC baixa todos os anos, a pesar de que o Sr. Reitor dixese o contrario. Ademais, coincide coa Sr. Fernández Esteller en que hai varios cursos de especialización cun só alumno matriculado. No tocante ao obxectivo de adecuar os orzamentos aos ingresos, cre que será perigoso á hora de negociar máis financiamento. Tamén fai referencia ao dato exposto na memoria que indica que para facer Filoloxía Galega ou Filoloxía Española se requiren 7,9 anos de media, cando en Informática son precisos 7,03. Por último, conclúe que a memoria debería reflectir os obxectivos e o seu cumprimento ou non.

En resposta, o Sr. Reitor agradece as propostas recibidas e descúlpase por non lles ter dado a benvinda aos novos estudantes membros do Claustro. Logo, fala do proceso de integración no Espazo Europeo de Educación Superior, de que formaban parte 44 países, en xuño 2008, segundo un libro de universidades catalás, países tales como Armenia, Moldavia, Rusia e España estaban aínda en fase inicial. Insiste en que se colaborou en todo o que se lles pediu e a UDC nunca eludiu a súa responsabilidade e trata de cumprir todos os prazos que lles marquen. Na súa opinión, dedicóuselle moito esforzo a este proceso en 2008. Respóndelle ao Sr. López Pereira ao destacar que hai un plano de financiamento ata o 2010 polo que hai un plano estratéxico ata ese ano e sábese os recursos con que se conta ata 2010; por iso tamén di que teñen unhas previsións razoables para dispoñer recursos para a implantación dos graos e espera que a Xunta reforce e amplíe o plano de financiamento. Deseguido, pide desculpas por algunha errata numérica na memoria de 2008. Apunta o esforzo grande que se fixo por salienta a imaxe da Universidade, como no Forum Orienta. No referente ás pistas de atletismo, que levaban máis de vinte anos sen ser reparadas, grazas a convenios, foron melloradas. Asegura que para a residencia universitaria falta a licenza municipal e que se vai progresando. O plano de transporte recentemente aprobado facilitará o desprazamento A Coruña-Ferrol, outro cambio máis dos que é impulsora a Universidade. Con respecto á RPT de PAS laborais, di que espera ter boas noticias de forma inmediata. Co relativo aos contratos de investigación, lembra que mudou a lexislación laboral e que o regulamento de bolsas se adaptou; recorda tamén que os contratos laborais temporais renovados unha e outra vez se converten en indefinidos e a xente contratada para realizar proxectos de investigación puntuais non se pode converter en persoal fixo por esa vía. O reitor anuncia que no futuro terá que

se afrontar a modificación dos Estatutos para adecuarse ás novas realidades legislativas. Tamén di que no POD haberá que facer adaptacións porque mudaron cousas. Destaca que no último *ranking* de universidades da Universidade de Granada, a UDC aparecía nuns postos de investigación moi baixos, pero no resto dos *rankings*, quedaron sorprendidos dos bos postos en que se encontraba. En resposta ao Sr. López Pereira, asegura que non está satisfeito con que nalgunhas titulacións a eficiencia non sexa a desexable, polo que hai que aproveitar os novos graos para mellorar esa situación. Non hai que encher cabezas de coñecementos, di, senón persoas que os saiban interpretar e desenvolver. Respóndelle, por último, ao Sr. Pazos Sierra sobre os problemas da rede e do acceso dende Hotmail, afirmando que a operadora tamén é culpable e asegura que a situación cambiará nuns meses.

Toma a palabra a Sra. Herrero López, vicerreitora de Investigación, que non nega os problemas no seu servizo, pero explica que en gran medida ten que ver coas condicións que imponen organismos externos. Pon como exemplo a xustificación dos proxectos de investigación ao MEC, que cada ano son dun xeito diferente e nunha aplicación informática distinta, ou os cambios de criterios das consellerías da Xunta. Asegura que tratan de solucionar os problemas existentes.

Ábrese outra quenda de intervencións, en que participa o Sr. Pazos Sierra, quen responde ao Sr. De Gabriel Fernández que non pasa nada porque o prazo de integración finalice en 2010. Logo, asegura que o servizo de correo electrónico funcionaba perfectamente hai uns meses, mais por causa de certos nomeamentos no PAS viñeron os problemas que, segundo el, non son do operador. Ademais, considera que o Sr. Reitor non ten información, pois no caso que el di da persoa contratada con cargo a un proxecto de investigación a contratación foi segundo un convenio, que foi cambiado sen comunicarllo previamente ao traballador e que levaba oito anos traballando na UDC como PAS, prestando os seus servizos no centro IMEDIR. Considera que a xente contratada pertencente ao Capítulo VI son PAS e están a realizar un grande traballo, polo que estima que non deben ser tratados polo Sr. Reitor como os novos «subsaharianos» da universidade.

Toma a palabra a Sra. López Fernández, que lembra que darlle a benvida aos estudantes é un xesto de cortesía dun membro do Claustro, nada máis. Con respecto á intervención do Sr. López Pereira sobre a duración media dos estudos de Filoloxía, o ano pasado ela contextualizou os datos na sesión onde se aprobou a memoria de 2007. Di que se trata de licenciaturas de 300 créditos nun plano de estudos en catro anos, ademais moitos dos estudantes son de facto estudantes a tempo parcial malia que as normas non regulan



esta situación. A taxa de éxito supera o 75% polo que di que o problema da taxa de duración de estudos non é académico.

Toma a palabra o Sr. Fernández López, que contesta ao Sr. Pazos Sierra, asegurando que a xente a que acusa de conseguir as prazas por ser representantes sindicais, conseguiron esas prazas antes de ser representantes dos traballadores. Con respecto ao persoal do Capítulo VI, aclara que non se trata de PAS e que se trata de xente contratada temporalmente e que os sindicatos denuncian esta precariedade.

Toma a palabra o Sr. Serantes Villadóniga, que cre que o equipo reitoral se podería defender máis fortemente porque ten argumentos para o facer. Reclama a falta de información previa sobre as votacións desta sesión do Claustro e da memoria, que se podería solucionar co envío de correos electrónicos. Lembra que cando entrou na Facultade de Informática en 2001 a nota de corte na Enxeñaría Técnica de Informática de Sistemas era dun 6,95 e a día de hoxe está arredor do 5. Pregúntase de que xeito beneficia iso aos futuros profesionais e ata que punto poderá baixar a calidade da formación. Considera que as enquisas de avaliación do alumnado poderían cubrirse doutra maneira. En canto ao Capítulo VI, el di que está a cargo dese capítulo pois ten un contrato Lucas Labrada e non se ve representado por esa banda, aínda que si como alumno. Quéixase da maneira en que se levan os contratos de investigación, xa que o viviu de primeira man. É un dos promotores da Axencia en Defensa das Enxeñarías en Informática e recorda que tras unha manifestación en Barcelona, en que houbo unha carga policial, polo que pídelle tacto ao Sr. Reitor ao falar das universidades catalás. Por último, pídelle ao Sr. Reitor que se posicione con respecto á Axencia.

En resposta, o Sr. Reitor lamenta que non tivera información previa da memoria e pídelle que indique o seu enderezo correcto para que iso non volva ocorrer. Con respecto á regulación profesional de Informática, pensa que se avanzará no futuro. No tocante ao Plan Docentia, di que hai que progresar no sistema para escoitar os profesores e os alumnos. Por último, advirte que os contratados con cargo ao Capítulo VI forman parte da categoría dos restantes membros do PDI.

Logo da votación e do recuento realizado polos membros da Mesa do Claustro, apróbase a Memoria de xestión 2008. Informe do Reitor para o Claustro, con 114 votos a favor, 12 votos en contra e 9 abstencións.

### **3. Eleccións de representantes do estudantado na Mesa do Claustro (3 representantes), no Consello de Goberno (8 representantes) e na Comisión Electoral Central (1 representante)**

De conformidade co procedemento establecido para tales eleccións, establecido na orde do día da convocatoria desta sesión do Claustro, resultan elixidas, logo do escrutinio que se relaciona no [ANEXO III](#), as persoas que figuran no [ANEXO IV](#).

### **4. Quenda aberta de intervencións**

Toma a palabra o Sr. Otero Otero, quen realiza unha serie de consideracións críticas sobre o proceso electoral de renovación de órganos colexiados que rematou coas eleccións realizadas o 4 de decembro de 2008, pois entende que se trata dunha data realmente mala, que non axudaba moito para lograr unha boa participación do estudantado. Logo de indicar tamén que a campaña institucional para promover o voto e a participación foi mala, remata a súa intervención solicitando maior limpeza nos campus e tamén maior fluidez nas relacións co Sr. Reitor. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que sempre está a disposición do estudantado para falar dos temas que sexan do seu interese e que a data das eleccións foi marcada tendo en conta o calendario académico da nosa universidade, sendo lectivo o día da realización das votacións.

Toma a palabra a Sr. Vizcaíno Hermida, quen critica a falta de información que padecen os estudantes de primeiro ano na Universidade da Coruña e propón, como unhas das solucións para rematar cos problemas que isto ocasiona, o de incluír información nos sobres de matrícula. Remata a súa intervención dando conta dunha serie eivas que entende hai en Elviña e na Zapateira, que afectan aos pasos de peóns, ás marquesiñas e ás beirarrúas. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que, á parte da información que xa se ofrece nos sobres da matrícula e a través da propia páxina web, os centros organizan actos diversos ao comezo do curso académico para lle dar a benvida ao novo estudantado e informalo do que poida precisar. En relación coa eivas sinaladas, indica que son consecuencia do feito de que a situación actual do campus nada ten que ver co seu deseño inicial e que van tentar resolver a través da materialización do proxecto de Campus Center.

Toma a palabra o Sra. Pérez Rodríguez, quen lles agradece aos membros do Claustro que permanecen no Paraninfo a súa presenza neste punto da orde do día, que é cando o estudantado pode intervir máis activamente. Logo de

criticar o ton empregado nas súas intervencións por algúns membros do Claustro, remata realizando unha serie de consideracións a propósito do Forum Orienta e da presenza do estudando neste. A respecto desta cuestión, o Sr. Reitor sinala que tal evento é organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que na edición deste ano semella que quixo visualizar máis a formación profesional, aínda que con todo houbo bastante presenza da nosa universidade.

Toma a palabra o Sr. Calvo Pérez-Solero, quen centra a súa intervención na necesidade de mellorar o transporte urbano na súa seguridade, que se ve afectada pola masificación que ocasiona o sistema actual, e no seu itinerario, que non garante o principio de igualdade entre o estudantado, dado que hai paradas que benefician máis a uns estudantes que a outros en función do seu centro. O Sr. Reitor sinala que se falará co Concello da Coruña, que é a entidade competente neste asunto.

Toma a palabra o Sr. González Santos, quen centra a súa intervención en aspectos relacionados coa informática da Universidade da Coruña. Concretamente, en temas que afectan á matrícula *on line*, cuxa posta en funcionamento non evitou a formación das colas propias do sistema de matrícula presencial. E remata criticando o sistema seguido para substituír a *Facultade Virtual* por *Moodle*, especialmente na migración de datos. En resposta, o Sr. Reitor sinala que son certos tales problemas e que son os propios de todo proceso de migración de datos dun sistema a outro, razón pola que pide desculpas polas molestias ocasionadas.

Toma a palabra a Sra. Fraga Mosquera, quen non comparte o manifestado por quen impartiu este ano a lección inaugural deste curso académico e solicita, por esta causa, información sobre o procedemento establecido para determinar a quen corresponde a lección inaugural. Remata a súa intervención aludindo ao Curso da Adaptación Pedagóxica (CAP) e á súa transformación en mestrado. En relación con isto último, o Sr. Reitor sinalalle que neste momento está todo paralizado precisamente por causa de se ter tomado no seu día decisións con certa precipitación e que a Universidade da Coruña non compartía o modelo e así llo fixo saber ás autoridades competentes, obrando en todo momento con responsabilidade institucional. Remata o Sr. Reitor sinalando que o regulamento de símbolos, honras e protocolo detalla no seu artigo 16 o procedemento da inauguración do curso académico.

Toma a palabra a Sra. Martínez Rey, quen se interesa pola posta en marcha do envío de cualificacións a través do servizo de mensaxes curtas ou SMS (*Short Message Service*). O Sr. Reitor indícalle que se está sobre o asunto e

que se trata dun tema onde as melloras na rede que se están a realizar teñen entre os seus cometidos o do envío das cualificacións.

Toma a palabra o Sr. Castrillo Neira, quen se interesa pola inclusión de menús específicos nos comedores da Universidade da Coruña, polo proceso de Boloña e o seu impacto sobre as titulacións e polo Centro de Linguas, cuxos cursos considera que son moi caros tendo en conta a súa utilidade.

Toma a palabra a Sra. Traba Pérez, quen demanda o soterramento das liñas de alta tensión que están pegadas á Facultade de Filoloxía. Remata a súa intervención criticando a demora na tramitación do procedemento administrativo para a concesión das axudas da Universidade para o bono bus.

Toma a palabra o Sr. Vidal Ríos, quen incide na súa intervención na necesidade de mellorar os pasos de peóns nos viarios dos centros da Zapateira e nas obras que se están a realizar no aparcadoiro situado diante da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. En relación con isto, o Sr. Reitor remítese ao que se lle respondeu ao Sr. Vizcaíno Hermida.

Toma a palabra o Sr. Arrojo Fernández, quen se interesa pola posta en funcionamento das novas pistas de atletismo situadas ao lado da Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que está na fase de recepción das obras, que é a previa á súa posta en funcionamento se todo estiver ben.

Toma a palabra o Sr. García Martínez, quen pon de manifesto a necesidade de que se incentive o uso do galego nas aulas impartidas na Escola Universitaria de Arquitectura, pois todas son impartidas en castelán, á parte da constitución da comisión de normalización neste centro.

Toma a palabra o Sr. Loureiro Díaz, quen coincide co afirmado pola Sra. Pérez Rodríguez a propósito da escasa presenza de membros do Claustro neste punto da orde do día da sesión. Na súa intervención incide sobre o mestrado oficial de secundaria que substitúe o Curso de Adaptación Pedagóxica (CAP), cuxo proceso de elaboración e resultado critica porque o estudantado non tivo a oportunidade de participar, proponendo que non se limite o número de prazas ofertadas e que se garanta un sistema de docencia semipresencial. O Sr. Reitor reitera que neste momento está todo paralizado precisamente por causa de tomar no seu día decisións con certa precipitación e que a Universidade da Coruña non compartía o modelo e así llo fixo saber ás autoridades competentes, obrando en todo momento con responsabilidade institucional.

Toma a palabra o Sr. García Camba, quen se interesa polo debate aberto sobre o proceso de Boloña e a transformación das titulacións actualmente existentes por esta causa, especialmente da titulación correspondente a arquitectura. Remata a súa intervención criticando os representantes do colectivo estudantil IESGA por pediren máis información, cando eles mesmos non participan nos debates e non queren que haxa tales debates.

Toma a palabra o Sr. Sánchez García, quen pide a opinión do Sr. Reitor sobre a proxectada regulación profesional e as fichas profesionais das titulacións correspondentes aos estudos de Informática, ademais de lle preguntar se comparte a opinión dos colectivos constituídos para tales efectos. O Sr. Reitor sinalalle que se trata dun tema que non está totalmente definido e que comparte a opinión dos colectivos implicados.

Toma a palabra o Sr. Belay Fernández para falar dos cambios que se están a realizar por causa da substitución da *Facultade Virtual* polo sistema *Moodle*, que son realmente complicados, por esta razón pide algo de respecto ás persoas que están a traballar na migración de datos dun sistema a outro.

Toma a palabra o Sr. López Prol, quen é partidario de que se manteñan as titulacións actualmente existentes na Universidade da Coruña, por esta razón interésase polo futuro da dobre titulación de ADE-Dereito. En referencia ao manifestado polo Sr. Otero Otero a propósito do proceso electoral, pídlle coherencia e respecto, especialmente tendo en conta que a agrupación estudantil a que el pertence fixo campaña os propios días dedicados á reflexión e á votación.

Toma a palabra a Sra. González Martínez, que contesta ao Sr. Pazos Sierra sobre o relativo á acusación de insidia aos representantes sindicais, dos que di que teñen os mesmos dereitos que calquera outro funcionario, nin favorecidos nin penalizados. Acusa o Sr. Pazos Sierra de penalizar os representantes sindicais cando el estaba no equipo de goberno e que por iso, pensa que agora se fai do mesmo xeito. Por outra parte, dálle a razón á representante do estudantado que fixo unha reclamación con respecto ao bono-bus, aínda así pensa que os atrasos se deberon ao mal convenio que se asinou co Concello da Coruña.

Toma a palabra o Sr. Teijeiro Vidal, quen sinala que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con data de 9 de febreiro de 2009, notificou a sentenza pola que se resolvía un recurso de suplicación interposto por un membro das restantes categorías do persoal docente e investigador da nosa universidade, en que se declara a nulidade do seu despedimento, condenando a

Universidade da Coruña para que proceda á readmisión deste traballador ao seu posto de traballo. Por razón e porque xa pasou máis dun mes e medio sen que teña executado a sentenza, o Sr. Teijeiro Vidal pregunta cando se vai cumprir a sentenza de readmisión deste membro das restantes categorías do persoal docente e investigador. Remata a súa intervención cunha serie de consideracións a propósito do Forum Orienta, onde as titulacións relacionadas con Ciencias da Saúde foron representadas con moita dignidade, aínda que se puideron visualizar moito máis.

Toma a palabra o Sr. Castro Brandariz, quen solicita que se garanta a presenza en todos os órganos colexiados da Universidade da Coruña de estudantes do campus de Ferrol, pois deste xeito pódense coñecer mellor os problemas que se padecen nos centros de Esteiro e Serantes.

Toma a palabra o Sr. Vázquez Piñeiro, quen, como estudante da Escola Universitaria Politécnica de Ferrol, considera que a súa situación era moito mellor cando este centro dependía da Universidade de Santiago de Compostela, pois a situación deste centro na actualidade é realmente mellorable, poñendo de relevo para tales efectos a necesidade de facer beirarrúas para acceder a pé ao centro e de axustar o horario dos autobuses ao horario das aulas, que non coinciden. Sinala, ademais, que se trata dun centro onde se rexistra unha alta taxa de abandono dos estudos precisamente pola situación do centro, por esta razón pide máis dotacións económicas para o seu centro e menos gastos en cambios de imaxe institucional, que non serven para nada e son moi elevados. O Sr. Reitor indícalle que non comparte totalmente a súa opinión, tendo en conta especialmente os esforzos que se están a realizar, tanto desde o seu centro como desde a Reitoría para mellorar a situación, onde o Concello de Ferrol e outras institucións teñen un papel esencial na medida en que son competentes sobre a materia.

Toma a palabra o Sr. Hoyo Ruíz, quen dá conta das dificultades para viaxar en tren da cidade da Coruña á cidade de Ferrol, tendo en conta os horarios e a duración das viaxes en cuestión. Aproveita a súa intervención para criticar tamén o proceso de substitución da *Facultade Virtual* polo sistema *Moodle*, para poñer de manifesto as barreiras arquitectónicas que hai na Universidade da Coruña e que dificultan o acceso e a mobilidade nos seus centros e dependencias. Remata realizando unha serie de consideracións sobre a situación do seu centro, que é a Escola Universitaria Politécnica de Ferrol, e sobre a súa xestión económica.

Toma a palabra o Sr. Ferreiro Baamonde, quen logo de poñer de relevo que se debería evitar a cita expresa aquí das persoas que manteñen preitos coa Universidade da Coruña, considera moi necesario formalizar un sistema de

contratación público e obxectivo das persoas que prestan os seus servizos a través de proxectos e convenios de investigación, detallándose o seu conxunto de dereitos e de deberes, pois mentres isto non se faga os proxectos de investigación poden ser empregados como un medio para a contratación irregular de investigadores, á parte de incrementar a bolsa de traballos precarios na nosa universidade.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen nega que a renovación da imaxe corporativa e unha escultura custasen máis de douscentos mil euros, asegura que a renovación da imaxe corporativa tivo un custo insignificante, da orde dos dez mil euros que se aforrará de sobra co menor gasto que suporá en papelería. No referente á escultura, que estaba cedida á Universidade xunto con outras do mesmo autor, o escultor quería retiralas ou vendelas, asegura. Segundo, o vicerreitor afirma que se vendeu por un prezo moi inferior ao indicado e non é só unha escultura, senón unha batería. Foi unha decisión incluída no Plano anual de 2008, coa aprobación do Consello de Goberno e do Consello Social e informado por este Claustro, segundo asegura o vicerreitor, que tamén destaca que se trata dun investimento. Por último, fai mención ao reparto de fondos nos centros para a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, xa que cando se aprobou a Programación Plurianual falouse dunha dotación de máis de dous millóns de euros e fíxose un reparto obxectivo para todos os centros na súa opinión. De todos os xeitos, reconece que hai dous centros que saíron prexudicados nese reparto, aínda que se compensou cos fondos extraordinarios para o curso 2007/2008, que nun deses centros foron de 420.000 € Salienta que se está a facer un grande esforzo, aínda que é consciente de que as necesidades son tamén grandes.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Xerente, quen responde a un representante do estudantado sobre o menú para celíacos, e di que se está traballando para que unha cafetería do campus de Elviña o poida ofrecer. Tamén responde ao Sr. Teijeiro Vidal, asegurando que lamenta a sentenza sobre a persoa antes mencionada contratada polo Capítulo VI, xa que demostra que se fixeron mal as cousas, con contratos consecutivos durante oito anos, co que non se cumpren os principios de igualdade, mérito e capacidade de acceso á función pública. Destaca que a persoa en cuestión foi presidenta do Comité de Empresa dos Contratados con cargo ao Capítulo VI e manifestaron a súa desconformidade con que un representante dos traballadores formase parte do tribunal do proceso selectivo para a contratación con cargo ao Capítulo VI. O Sr. Xerente informa que a Universidade cumpre as sentenzas, aínda que esta sexa difícil de cumprir, pois a persoa en cuestión tense que reincorporar ao mesmo posto e trátase dun contratado con cargo a un convenio.

O Sr. Reitor remata a quenda aberta de intervencións indicando que todas as peticións e suxestións figurarán na acta desta sesión e que se terán en conta para os efectos oportunos.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 14:15 horas.